

HAI QUE PARAR A GUERRA EN ORIENTE MEDIO


**XORNADA ESTATAL
14 DE MARZO 12H**

NON ESQUECER GAZA

NON AO XENOCIDIO

PALESTINA LIBRE

NIN TERRORISMO NIN XENOCIDIO



MANIFESTO

Rexeitamos de xeito tallante os ataques executados por EEUU e Israel contra Irán, que supoñen unha violación do dereito e a legalidade internacional. Son unha grave ameaza para a paz na rexión e un perigo para a paz mundial. Condenamos con enerxía o réxime criminal dos aiatolás e o asasinato de miles de persoas nos últimos meses. Todo o noso apoio ao pobo iraniano e, en especial, ás mulleres, na súa loita pola democracia e a igualdade. É o pobo iraniano quen debe decidir o seu futuro. Pero nada xustifica os salvaxes bombardeos de EEUU e Israel co asasinato de centos de inocentes. Chamamos ás e ós demócratas a condenar esta agresión, defender o dereito internacional e traballar por unha paz xusta e duradeira en Oriente Medio, que debe incluír o fin do xenocidio en Gaza e o recoñecemento dos dereitos do pobo palestino de acordo á legalidade internacional. E chamamos a toda a sociedade a acudir o vindeiro sábado 14 de marzo a todas as concentracións convocadas pola plataforma "PararLaGuerra", en máis de 150 poboacións de todo o país.